



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE SETEMBRO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/1851/2006.- Campus Sociedade Cooperativa Limitada de Vivendas.- 68 vivendas, locais comerciais, garaxes e rochos nos bloques 1 (R-2), 6, 7 e 8 do Polígono 4 do Plan Parcial de Fontiñas.

Lic/497/2010.- José Luís Caneda Freire.- Vivenda unifamiliar no lugar de Mourentan nº 12.

Lic/850/2009.- José Iglesias Pazos.- Derruba de edificación existente e posterior edificación dun edificio de vivenda colectiva en baixo máis dúas plantas para dúas vivendas, garaxe e trasteiros na rúa Costa do Veedor nº 36 – 38.

PARCELACIÓNS.-

Lic/903/2010.- Manuel Balsa Garcia e Alfredo Balsa García.- Parcelación urbanística sita no lugar de Villestro, Súas Hortas, parcela C resultante que formou parte da parcela nº 68 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de Santa María de Villestro (+).

OCIHR

LICENZAS

LIC/1500/2010.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Instalación de ascensor e portas cortalumes no edificio situado na praza da Inmaculada 3-5.

4 a 25, 29 e 30.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto do lixo; no imposto sobre construcións, instalacións e obras; no imposto sobre bens inmobles; no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana; nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

26.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á estimación de recursos de reposición.

Estímase o recurso interposto en relación cunha bonificación do 50% no Imposto sobre Bens Inmobles.

27.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas ao rexeitamento de recursos de reposición.

Rexéitase un recurso de reposición.

28.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa a rexeitamento de recurso de reposición interposto contra denegación de exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Rexéitase un recurso de reposición.

31.- Propostas do concelleiro delegado de Transportes relativas á transmisión de licenza de autotaxi.

Autorízase a transmisión dunha licenza.

32.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á improcedencia da suspensión de efectos formulada contra os acordos do 6 de xullo e do 24 de agosto de 2010 no expediente da Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-2 de Cornes.

Determinábase a non procedencia da suspensión dos efectos dos acordos do 6 de xullo e do 24 de agosto da Xunta de Goberno Local por carecer de obxecto ao non producir efectos.

33.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta á Xunta de Goberno Local da resolución de compravenda por Estudio 5 de Gestión y Proyectos SA, do 19'88% da parcela R-7 do Proxecto de compensación do polígono 2 do SUP-2 de Cornes.

Dábase conta da devandita resolución.

34.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias para o cumprimento de penas de traballo en beneficio da comunidade.

Dábase conta do devandito convenio polo o Concello pon a disposición 35 prazas no Centro de Formación Ocupacional Sanxuás de Aríns para o cumprimento de penas de traballo en beneficio da comunidade.

URXENCIAS

1- Axudícanse provisionalmente as **obras de construción dunha edificación destinada a Escola Infantil en Salgueiriños** á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, SA, por un importe de 724.784,49 euros.

2- Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas así como o inicio do expediente para a contratación do **servizo de conserxería e limpeza nos campos de fútbol de Santa Isabel e Cancelas e nos Polideportivos Pontepedriña e Lorenzo de la Torre** desde o 1 de novembro ao 31 de decembro por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 37.426,87 euros.

3- Aprópase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación das **obras de remodelación da área de xogos infantís no barrio de Fontiñas** por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 127.155,17 euros.

4- Apróbanse os convenios correspondentes ás subvencións nominativas do ámbito cultural coas entidades Ateneo de Santiago, Asociación Cultural Barriga Verde, Conservatorio de Música tradicional e Folque, Asociación cultural Cidade Vella, Federación de Libreiros de Galicia, Fundación Rosalía de Castro, Museo do Pobo Galego, Grupo Chévere-Sala Nasa, Asociación Novo Circo e Cabaret Galego, Sala Capitol, Asociación cultural musical Solfa e Asociación do Traxe Galego por un importe global de 151.750 euros.

5- Apróbase a composición da comisión avaliadora da convocatoria de subvencións á realización de actividades de promoción e dinamización comercial, que estará integrada por cinco técnicos municipais.

6- Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións para o fomento do deporte federado por importe total de 236.000 euros.

7- Apróbase a convocatoria da X Edición dos Premios 25 de Novembro e un orzamento de 2.000 euros.

8- Apróbanse axudas de carácter social por importe de 900 euros.

9- Apróbase o aboamento de horas extras para o persoal municipal.

10- Apróbase a realización dunha asistencia técnica para a elaboración do plan estratéxico do Cersia Empresa, así como a súa contratación coa empresa Proxectos Consultoría e Formación SL por importe de 21.157,40 euros.